

ASUNTO: DECRETO MODIFICACION PROTOCOLO USO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 7 de setembro de 2020 acordou a aprobación do PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19.

A Orde do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma e Galicia, dispón unha serie de medidas que afectan á actividade que actualmente se desenvolve nas Instalacións Deportivas Municipais:

-"Artigo Segundo. Restricións ás agrupacións de persoas para a protección da saúde das persoas ante a existencia dun risco de carácter transmisíbel"

1.Á vista da evolución da situación epidemiolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, e coa finalidade de controlar a transmisión da enfermidade, adóptase, de modo temporal, a medida de limitar os grupos para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, a un máximo de cinco persoas, excepto no caso de persoas conviventes, en que non se aplicará esta limitación.

Tampouco será aplicable esta limitación no caso de actividades laborais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

-"ANEXO-Medidas de prevención específicas.

3.14. A practica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de cinco persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor.

Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade."

Visto o informe emitido polo Técnico Municipal de Deportes de data 22 de outubro do 2020 relativo á modificación do protocolo de uso de instalacións deportivas municipais do Concello de Monforte de Lemos.

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.-Prestar aprobación á modificación do PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19, que queda redactado como segue:



"PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19.

1-INTRODUCCIÓN:

Ante a necesidade dos clubs deportivos do Concello de Monforte de iniciar a súa actividade deportiva no contexto da nova realidade ocasionada polo COVID-19, establecece o seguinte protocolo de utilización de Instalacións Deportivas Municipais para a tempada 2020 – 2021.

Este protocolo está deseñado tendo en conta a seguinte normativa:

- RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- RESOLUCIÓN do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 21 de outubro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O contido deste protocolo sufrirá tantas modificacións e adaptacións como ditén as autoridades sanitarias vista a evolución da pandemia do COVID-19.

Este protocolo aplicárase nas seguintes instalacións deportivas:

- Pavillón Municipal da Pinguela
- Pavillóns polideportivos escolares
- Campo Municipal de Fútbol da Pinguela
- Campo Municipal de Fútbol Luís Bodegas

Este protocolo afecta unicamente aos adestramentos. No caso competicións deportivas, cando estas se poidan efectuar, se establecerá o correspondente protocolo.



2- REQUISITOS PREVIOS Á UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

- Para que os clubs poidan utilizar as instalacións deportivas será necesario que presenten a solicitude de uso para a tempada 2020 – 2021 nos prazos que estableza o Concello de Monforte.
- Ademais da solicitude de uso cada club deberá presentar un documento asinado de compromiso de responsabilidade de cumprimento das normas de protección fronte ao COVID-19 ditadas polos organismos competentes.

3- PROTOCOLO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE PARA FACER FRONTE Á NOVA REALIDADE OCASIONADA POLA PANDEMIA DO COVID-19.

- Poderán acceder ás instalacións deportivas aqueles clubs e entidades deportivas aos que lles sexa concedido o seu uso durante a tempada 2020 – 2021. Unicamente poderán acceder nos días e horas que lles sexan concedidas.
- So se permitirá o acceso ás instalacións a deportistas, persoal técnico e directivos do club deportivo non estando permitido o acceso de público e acompañantes.

So se permitirá o acceso á pista ou terreo de xogo a deportistas e persoal técnico. Directivos e responsables do Club poderán acceder á instalación deportiva pero non á pista e ao terreo de xogo.

- A actividade deportiva que se poderá realizar nas instalacións está suxeita aos seguintes criterios de uso:
 - A practica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de cinco persoas de forma simultánea, sen contar, de ser o caso, o monitor.
 - Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata cinco persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida, e deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante a celebración da actividade.
 - No caso da práctica de deporte federado, en canto ao número de compoñentes dos grupos de adestramento, haberá que atender ao establecido nos correspondente protocolos de funcionamento de cada federación deportiva.
 - Con carácter xeral non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, o club deberá garantir a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.

FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 22/10/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 22/10/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/10/2020 15:04:16

DECRETO: 2020001583
Fecha: 22/10/2020
Hora: 15:04
Persona 76561868C





- Será obrigatorio o uso de máscara en todo momento, excepto durante a realización da actividade deportiva e sempre e cando se manteña a distancia de seguridade interpersoal. Cando o deportista non utilice a máscara é importante gardala axeitadamente para evitar que contamine ou se contamine.
 - Adestradores e técnicos deberán levar máscara en todo momento aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
 - Ao remate de cada adestramento o club deberá realizar a limpeza e desinfección de todo o material empregado. Para elo poderán utilizar desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.
Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
 - Tanto os produtos necesarios para a desinfección do material deportivo como os xeles desinfectantes para os deportistas e persoal técnico deberá ser subministrado por cada un dos clubs deportivos usuarios das instalacións.
-
- Inicialmente non se permite o uso dos vestiarios e duchas. Todos os deportistas deberán acceder ás instalacións con roupa deportiva da casa. Poderase permitir o seu uso unicamente se as condicións de aforo permiten dar servizo a todos os usuarios coa seguridade necesaria.
 - Habilitaranse dous aseos, un para homes e outro para mulleres, que poderán ser utilizados de xeito individual cando sexa necesario.
 - O calzado que se utilizará para levar a cabo os adestramentos será diferente ao que traia o deportista da rúa. Este deberá trasladarse en bolsa independente.
 - As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin. Non se poderá deixar nada na instalación ao rematar o seu uso.
 - Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
 - Antes de entrar e ao saír do espazo asignado deberán limparse as mans con xel desinfectante que deberá estar dispoñible no espazo habilitado para o efecto.
 - Entre a entrada e a saída de grupos de adestramento establécese un tempo obrigatorio de distanciamento de 15 minutos a descontar do tempo que cada grupo ten de adestramento.
 - No interior da instalación non poderán coincidir os grupos ou equipos que finalizan o seu adestramento cos grupos ou equipos que o van a iniciar. Deste xeito os grupos ou equipos que van a iniciar os seus adestramentos terán que esperar a que os equipos que o finalizan



FIRMAS Y FECHAS



abandonen a instalación. Os responsables dos clubs terán que velar porque esta norma se cumpra e controlar os accesos dos seu equipos.

- De ser o caso deberán respectarse as circulacións interiores establecidas en cada unha das instalacións.

4- MEDIDAS DE CONTROL DE USUARIOS E INCIDENCIAS

- Os clubs deportivos deberán levar un rexistro diario de todos os usuarios que realicen os adestramentos e que accedan ás instalacións, que inclúa o nome e apelidos do deportista ou membro do club e o horario de acceso e saída da instalación deportiva.
- Os clubs deportivos deberán efectuar un control estrito do acceso ás instalacións que quedará restrinxido unicamente a xogadores, adestradores e directivos do Club Deportivo.
- Os clubs deportivos deberán rexistrar calquera incidencia que se produza en relación co COVID-19 e comunicarlle inmediatamente ó Concello de Monforte.
- Estes rexistros deberán estar a disposición do Concello de Monforte que os poderá reclamar en calquera momento.

5- COMUNICACIÓN E SEGUIMIENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

No caso de que algún usuario das instalacións deportivas teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con ventilación adecuada, e unha papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono (900400116), e seguirán as súas instrucións. Se se percibira gravidade chamarase ao 061.

En todo caso, seguirase en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

COMPROMISO DE RESPONSABILIDADE PARA O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS POR PARTE DE CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS



D./D^a. _____ con DNI. _____, en nome e representación do club _____, comprométome a cumprir e facer cumprir os protocolos de prevención do COVID-19 aprobados para a instalación deportiva, así como as directrices emitidas polas autoridades sanitarias en cada momento.

Do mesmo xeito asumo, en nome do club que represento, a responsabilidade que supón o uso das instalacións deportivas municipais no contexto de alerta sanitaria no que vivimos, asumindo todas as consecuencias e responsabilidades que se poidan dar.

En Monforte de Lemos a _____, de _____, de 2020

Sinatura

SEGUNDO.- Dar traslado do mesmo ao técnico de deportes e proceder á publicación na páxina web municipal.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

